

## MÚSICA TRADICIONAL

Un xeito divertido de iniciarse no mundo da música tradicional galega. Teñas ou non teñas gaita, non importa, fala con Rafa.

**Luns. A partir de 2º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 22€*

## TECNOLOXÍA EDUCATIVA E ROBÓTICA

Queres coñecer e traballar con diferentes robots, crear os teus propios videoxogos e apps, programar con Scratch e Arduino, deseñar e imprimir en 3D, coñecer o mundo dos drons...?

**Grupo 1 (luns): de 1º a 4º de ESO.**

**Grupo 2 (mércores): 3º e 4º de Ed. Primaria**

**Grupo 3 (xoves): 5º e 6º de Ed. Primaria**

*Prezo: 32 € (inclúe todo o material)*

## OBRADOIRO DE MANUALIDADES

Julie será a encargada desta actividade, onde traballaremos con la, follas e flores secas, faranse monicreques, xoguetes de papel maché, pintarase sobre tea, e moitas cousas máis.

E todo isto mellorando un pouco o noso inglés.

**Luns ou xoves. 2º e 3º Ed. Infantil e 1º e 2º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 25€*

## JUDO

Actividade impartida polo Club FAMU, representado na figura do adestrador nacional e cinto negro 4º dan, Marcial Romero Azpiarte.

Nesta arte marcial combínanse o deporte, a formación e a defensa persoal. Mellorar a formación humana, a confianza nun mesmo, vencer a timidez e canalizar a agresividade son tamén obxectivos desta actividade. O alumnado participante terá licenza federativa (custo anual da mesma: 24€)

**Mércores: 2º e 3º de Ed. Infantil e 1º de Ed. Primaria.**

**Xoves: 5º e 6º de primaria e toda a ESO.**

**Venres: 2º, 3º e 4º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 24€*

## ORATORIA

A arte do discurso e da persuasión: un achegamento ás técnicas que permitirán un maior dominio das estratexias de comunicación pública.

**Xoves. 3º e 4º de ESO.**

**Venres. 1º e 2º de ESO.**

*Prezo: 22€.*

## XADREZ

Oe! Tes uns minutos? Neste tempo demostrámoste que o xadrez é fácil de aprender, ensinádoche as regras básicas, como se orixinou, o lugar da batalla, as forzas combatentes, movementos e capturas, defensa e ataque, xogadas especiais, celadas... Todo ata o xaque mate. Impartido polos mestres do Xadrez Galego.

**Martes. A partir de 2º de Ed. Primaria**

*Prezo: 22€*

## RÍTMICA

Nesta actividade aprenderás os fundamentos deste deporte. Fomentarás o desenvolvemento corporal e creativo, traballando a coordinación e a flexibilidade, o ritmo e a integración dentro do grupo.

Os grupos serán dun máximo de 20 persoas.

**Luns: 5º e 6º de primaria e ESO**

**Mércores: 1º a 4º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 22€*

## TEATRO

Queres escribir, dirixir ou actuar en obras de teatro?

Queres ser un parrulo, ou un cisne, unha bruxa ou un ogro, o lobo ou carapuchiña?

Queres voar, patinar, tropezar, saltar, danzar, tremer, rir, patear, soñar, esvarar, chorar, conducir, navegar ou rapear? Apúntate a teatro! Divertirémonos!

**Luns: 1º, 2º e 3º de Ed. Primaria.**

**Martes: de 4º de Ed. Primaria a 2º de ESO.**

*Prezo: 22€*

## FÚTBOL

Gústache o fútbol?

Queres xogar dominando a súa técnica e as súas regras?

Esta é a ocasión!

**Luns e venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 22€*

## OBRADOIRO DE COCIÑA

Hoxe cociñamos nós! Aprenderemos o fácil e divertido que é facer os pratos máis saborosos.

Nova cociña, pratos de toda a vida, consellos e todas as preguntas que se vos ocorran.

Imos divertirnos cociñando!

**Xoves: 1º de Ed. Primaria a 4º de ESO.**

*Prezo: 25€*

## FOTOGRAFÍA

Achégate ao mundo da fotografía. Comprende a técnica analóxica e dixital. Descubre novas formas de observar o mundo. Afonda na túa propia mirada e desfruta sendo capaz de plasmala en imaxes. Non é imprescindible ter cámara propia.

**Xoves. De 5º de Ed. Primaria a 4º de ESO.**

*Prezo: 25€*

## PATINAXE

Queredes ser artistas sobre rodas?

Nesta actividade seremos capaces de xirar, bailar, saltar...

Esta é a vosa oportunidade!

**Mércores ou xoves. A partir de 1º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 22€*

## BALONCESTO

Se queredes chegar a xogar ao baloncesto tan ben coma os maiores, esta é a vosa actividade.

**Venres. A partir de 2º de Ed. Primaria.**

*Prezo: 22€*